



# BOP

VENRES, 3 DE AGOSTO DE 2018

N.º 177

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES

##### *Anuncio*

#### **BASES DA CONVOCATORIA DA ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2018**

Para impulsar a práctica deportiva, a Presidencia da Deputación, a través da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, convoca bolsas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, -especialmente nas etapas de iniciación- para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de bolsas a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo.

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2018, destinadas a deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña.

#### **RÉXIME DA CONVOCATORIA**

As bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2018, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade bolsas código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), non prevendo unha eliminación ou diminución das desigualdades detectadas (código do impacto de xénero 1).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>

#### **SEGUNDO.- DESTINATARIOS**

Poderán ser beneficiarios das bolsas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados nalgunha das federacións oficiais de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra e montaña, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

##### **A. REQUISITOS PERSOAIS**

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, estar empadroad/a nalgún municipio da provincia de Lugo, dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta no respectivo padrón a data 1/01/2017.
2. Posuír ficha federativa de piloto durante o ano 2017 e manter na data de presentación de solicitudes ficha federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita a bolsa.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.

5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

#### B. REQUISITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario da bolsa, o/a deportista individual (piloto/a) deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa ter disputado polo menos e como mínimo dúas (2) probas nalgunha proba oficial federada durante a temporada 2017, das modalidades e grupos indicados no punto TERCEIRO da presente convocatoria.

Establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2017 até o 31 de decembro do 2017. Estas bolsas non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

As bolsas reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario de bolsa, deberá estar expresamente indicado na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

#### TERCEIRO.- MODALIDADES E GRUPOS

As modalidades de rally de asfalto, montaña e terra e grupos que exclusivamente se considerarán válidas para a acreditación de ter disputado polo menos e como mínimo dúas (2) probas nalgunha proba oficial federada durante a temporada 2017 de rally de asfalto, terra ou montaña e optar a bolsa, son as/os seguintes:

##### MODALIDADES

- CAMPIONATO NACIONAL 2017
  - a) RALLY DE ASFALTO
  - b) RALLY DE TERRA
  - c) MONTAÑA
- CAMPIONATO AUTONÓMICO GALEGO 2017
  - a) RALLY DE ASFALTO
  - b) MONTAÑA
- COPAS PROMOCIÓN

##### CAMPIONATO NACIONAL POR GRUPOS 2017

##### - RALLY DE ASFALTO

GRUPO R5	GRUPO R3
GRUPO S200 (1.6)	GRUPO A
GRUPO R-GT	GRUPO S1600
GRUPO S200 (2.0)	GRUPO S1600 RFEA
GRUPO R4	GRUPO R3D
GRUPO GT RALLY	GRUPO R2
GRUPO N+	GRUPO N2
GRUPO N1	GRUPO N3
GRUPO N2	GRUPO R1
GRUPO N	GRUPO N (2RM)
GRUPO R3T	

##### RALLY DE TERRA

GRUPO R5	GRUPO Nacional 5 (N5)
GRUPO S2000 (1.6)	GRUPO R3T
GRUPO WRC	GRUPO R3D

GRUPO S2000 (2.0)	GRUPO R3
GRUPO R4	GRUPO R2
GRUPO N	GRUPO R1
GRUPO A > 1600 CC	GRUPO A < 1600 CC
GRUPO N+	GRUPO Nacional 1 2RM
GRUPO Nacional 1 4RM	GRUPO Prototipo 2RM
GRUPO Prototipo 4 RM	GRUPO Nacional 2 (N2)
GRUPO Prototipo E1 Nacional	GRUPO Nacional 3 (N3)
GRUPO Prototipo E2 Nacional	GRUPO GT RALLY

**- RALLY DE MONTAÑA**

Categoría I.	Grupo A+
Categoría II	Grupo A
Categoría III	Grupo N
Grupo CM+	Grupo R
Grupo CM-Promoción	Grupo E1 FIA
Grupo Prototipo E1 Nacional	Grupo Prototipo E2 Nacional
Grupo GT.	Grupo A2

**- COPAS PROMOCIÓN ANO 2017**

Copa Suzuki Swift	Trofeo Clio R3T	Dacia Sandero Cup	Mitsubishi Evo Cup
-------------------	-----------------	-------------------	--------------------

**CAMPIONATOS GALEGOS POR GRUPOS 2017**

**- RALLY DE ASFALTO**

GRUPO N
GRUPO R
GRUPO X
GRUPO A
GRUPO G
GRUPO H
GRUPO T

**- RALLY DE MONTAÑA**

GRUPO P
GRUPO N
GRUPO R
GRUPO C3
GRUPO CN
GRUPO EH
GRUPO EL
GRUPO D/E2SS
GRUPO CN/E23SC
GRUPO CM

GRUPO EM
GRUPO X
GRUPO A
GRUPO G
GRUPO H
GRUPO T
REGULARIDAD SPORT
REGULARIDADE 50

**- COPAS PROMOCIÓN ANO 2017**

TOP TEM PIRELLI	VOLANTE FGA	PIRELLI AMF SPORT	ELF GALICIA	SEGURO X DIAS	RALYCAR- RMOPARTS	INICIACIÓN MARBELLA
--------------------	-------------	----------------------	-------------	---------------	----------------------	------------------------

Quedan expresamente excluídas as seguintes modalidades:

- **CAMPIONATO NACIONAL 2017**

**RALLY CIRCUÍTO DE VELOCIDADE**

Todoterreo
Históricos
Enerxías alternativas

<u>Off road</u>
Karting
Circuíto velocidade nacional
Series FIA solicitadas pola rfe a.
Campionatos/copas FIA/probas internacionais

- **CAMPIONATO AUTONÓMICO GALEGO 2017**

RALLY mix
Históricos
Autocross
Karting
Slalom
Todoterreo
2ª cat-outros eventos

• *Quedan así mesmo excluídas expresamente, e por tanto non se terán en conta na valoración, calquera outra proba ou campionato estatal ou galego non especificadas e reflectidas na presente convocatoria.*

**CUARTO.- NÚMERO DE BOLSAS E CONTÍAS**

O importe das bolsas destinadas a deportistas individuais piloto/a de rally de asfalto, terra e montaña, anualidade 2018, que a Deputación Provincial pode conceder, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
400 €	7.000 €

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de BOLSAS a conceder será de vinte e cinco (25), de acordo co criterio de puntuación total -de maior a menor-, acadada por cada solicitante en base aos criterios de valoración do punto NOVENO da presente convocatoria.

Para a asignación da correspondente bolsa e dado que o número máximo de BOLSAS a conceder será de 25, o procedemento a seguir será o seguinte:

- Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto en euros será o resultado de dividir o total do crédito orzamentario establecido para esta convocatoria (45.000,00 €) entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas de todos/as deportistas solicitantes, de acordo cos criterios establecidos na presente convocatoria.
- En consecuencia, o importe da BOLSA a conceder, no seu caso, derivará do resultado de multiplicar o valor en euros do punto, polos puntos totais conseguidos por cada solicitante, de acordo co baremo establecido.

Do total anterior, -vinte e cinco (25) bolsas -, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 7% para bolsas para deportistas con capacidades diferentes. En consecuencia, establécese expresamente en dúas (2) o número de bolsas asignadas ao colectivo de deportistas individuais piloto/a con capacidades diferentes, de acordo cos criterios establecidos, e por orde de puntuación acadada de maior a menor, que de non seren cubertas, pasarían a asignarse entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria.

A consideración das anteriores circunstancias deportivas debera acreditarse mediante certificación federativa da respectiva federación de deporte adaptado ou de persoas de capacidades diferentes.

#### QUINTO.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros).

As presentes bolsas convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratégico de Subvencións 2017-2019 dentro da liña 4.2 Deportes, da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte.

#### SEXTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes, presentaranse conforme ao modelo oficial, que figura no Anexo I, no Rexistro Xeral da Deputación e de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a unha única bolsa.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado/a (no caso de menor de idade deberán achegar tamén a fotocopia do DNI do titor/a que asine e acompañe as autorizacións).
- Certificado orixinal de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo correspondente.
- Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) e fronte á Seguridade Social. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios acompañarán autorización para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.(Anexo III)
- Declaración xurada de non ter recibido outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade. (Anexo II).
- Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II).
- No caso de ser beneficiario/a de subvencións anteriores, declaración xurada que acredite o cumprimento das obrigas inherentes ás mesmas (Anexo II).
- Documento bancario acreditativo da titularidade da conta bancaria, no que necesariamente figurará o solicitante.

H. Cubrir e achegar asinado (solicitante e pai/nai ou titor/a no caso de ser menor) o Modelo 145 referido ao IRPF. Retencións sobre rendementos de traballo. (Axencia Tributaria Estatal).

I. Declaración xurada da condición ou non de deportista profesional. (Anexo IV).

K) Autorización para recibir a través de correo electrónico comunicación relativas á convocatoria (segundo o modelo Anexo V).

- DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificación oficial da respectiva federación que acredite:

a) A posesión da correspondente licenza federativa oficial do piloto/a durante a anualidade 2017 e no momento da solicitude da bolsa (ano 2018).

b) De acordo co establecido na presente convocatoria, acreditación na certificación federativa de ter disputado polo menos e como mínimo dúas (2) probas nalgunha proba oficial federada durante a temporada 2017, das modalidades e grupos indicados no punto TERCEIRO da presente convocatoria.

c) Resultados deportivos e datos deportivos detallados de:

- Palmarés

- rankings oficiais

- participacións e resultados en probas federadas, indicando en cada caso, o rally, a clasificación, o grupo, e calquera outro relativo aos méritos deportivos a valorar de acordo co reflectido no punto NOVENO desta convocatoria.

- outros elementos de valoración establecidos nesta convocatoria, etc, relativos ao/á deportista individual piloto/a solicitante.

O período de valoración de resultados será o comprendido desde o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017, de acordo cos criterios, probas e elementos de valoración establecidos expresamente no punto NOVENO desta convocatoria. O mencionado certificado debera estar asinado pola respectiva federación como acreditación de que os méritos deportivos alegados son certos.

d) Acreditación documental da pertenza a unha escudaría da provincia de Lugo, mediante declaración responsable da respectiva escudaría.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, así como na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo, [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das bolsas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

#### SÉTIMO.- PROCEDIMIENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requirirase aos/ás solicitantes para que no prazo de dez días hábiles, acheguen os documentos preceptivos ou remedien a falta, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, procederase ao arquivo da solicitude.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

#### OITAVO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión atenderá o principio de representación paritaria e estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión de avaliación resolverá e incluírá no seu informe, de ser o caso, aquelas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación dos criterios establecidos.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.

A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da bolsa, e a súa contía, debendo facer constar -de xeito expreso - a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, establecendo a orde de puntuación para os posíbeis bolseiros/as suplentes.

Á Área de Deporte, poderá nese caso propoñer, de así o considerar, -e para os efectos indicados de se producir algunha renuncia-, a asignación de bolsa ao bolseiro/a suplente de acordo co mencionada listaxe e coa puntuación obtida por cada un dos/das solicitantes, con data límite 31/12/2018 e tendo en conta o crédito dispoñible.

O prazo máximo para resolver o procedemento, será como máximo, de tres meses e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2018. Transcorrido o citado prazo sen que se adopte resolución expresa, entenderase desestimada.

A aceptación da bolsa concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación da resolución non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes.

#### NOVENO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración están divididos en 4 apartados:

A.- PALMARÉS

B.- RANKING OFICIAL

C.- PARTICIPACIÓN EN PROBAS FEDERADAS

D.- OUTRAS VALORACIÓNS

**A.- PALMARÉS**

##### **A.1.- PALMARÉS TÍTULOS NACIONAL / AUTONÓMICO GALEGO ABSOLUTOS**

Neste apartado, computarase por cada título obtido polo/a solicitante (1º, 2º e 3º posto) durante a súa carreira deportiva segundo o cadro que se indica, sempre que se acredite pola Federación de Automobilismo correspondente.

Valoraranse coa correspondente puntuación exclusivamente os tres primeiros postos.

TITULO NACIONAL ABSOLUTO MODALIDADE ASFALTO/ TERRA/ MONTAÑA		TITULO AUTONÓMICO (GALEGO) ABSOLUTO MODALIDADE ASFALTO/ MONTAÑA	
1º POSTO	40 Ptos	1º POSTO	20 Ptos
2º POSTO	30 Ptos	2º POSTO	10 Ptos
3º POSTO	20 Ptos	3º POSTO	5 Ptos

### **A.2.- PALMARÉS POR GRUPOS**

- PALMARÉS TÍTULOS NACIONAL POR GRUPOS

Neste apartado, e dado que se trata do palmarés do/da solicitante en distintos anos, contabilizaranse os resultados obtidos durante a súa carreira deportiva en cada grupo, sempre que se acredite pola Federación de Automobilismo correspondente. A certificación federativa deberá sinalar o grupo no que se conseguira o título.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

TITULO NACIONAL POR GRUPO MODALIDADE ASFALTO/TERRA/ MONTAÑA (PUNTÚAN OS GRUPOS ESPECIFICADOS NO APARTADO 3.B DESTAS BASES)	
1º POSTO	25 Ptos
2º POSTO	15 Ptos
3º POSTO	10 Ptos

- PALMARÉS TÍTULO AUTONÓMICO GALEGO POR GRUPOS

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

TITULO AUTONÓMICO (GALEGO) ABSOLUTO POR GRUPO MODALIDADE ASFALTO/ MONTAÑA (PUNTÚAN OS GRUPOS ESPECIFICADOS NO APARTADO 3.B DESTAS BASES)	
1º POSTO	15 Ptos
2º POSTO	10 Ptos
3º POSTO	5 Ptos

### **A.3.- PALMARÉS COPAS PROMOCIÓN**

- PALMARÉS COPAS PROMOCIÓN NACIONAL / AUTONÓMICO GALEGO

Neste apartado, computaranse os resultados obtidos polo/a solicitante durante a súa carreira deportiva, sempre que se acrediten pola Federación de Automobilismo correspondente.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

TÍTULO COPA PROMOCIÓN NACIONAL ASFALTO / TERRA / MONTAÑA		TÍTULO COPA PROMOCIÓN AUTONÓMICO (GALEGO) MODALIDADE ASFALTO/ MONTAÑA	
1º POSTO	7 Ptos	1º POSTO	5 Ptos



2º POSTO	5 Ptos	2º POSTO	3 Ptos
3º POSTO	3 Ptos	3º POSTO	1 Ptos

**B.- RANKING OFICIAIS****B.1.- RANKING OFICIAIS ABSOLUTOS POR BENEFICIARIO (ANO 2017)**

Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo a posición no ránking correspondente ao ano 2017.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os dez primeiros postos.

RANKING OFICIAL NACIONAL ano 2017 do/a solicitante ASFALTO /TERRA/ MONTAÑA		RANKING OFICIAL AUTONÓMICO (GALEGO) ano 2017 do/a solicitante ASFALTO /MONTAÑA	
1º	15 Ptos	1º	12 Ptos
2º	14 Ptos	2º	10 Ptos
3º	13 Ptos	3º	9 Ptos
4º	7 Ptos	4º	7 Ptos
5º	6 Ptos	5º	6 Ptos
6º	5 Ptos	6º	5º Ptos
7º	4 Ptos	7º	4 Ptos
8º	3 Ptos	8º	3 Ptos
9º	2 Ptos	9º	2 Ptos
10º	1 Pto	10	1 Pto

**B.2.- RANKING OFICIAIS POR GRUPO AO QUE PERTENCE O/A SOLICITANTE (ANO 2017)**

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo a posición no ránking correspondente ao ano 2017

RANKING OFICIAL NACIONAL ano 2017 (Por GRUPO ) ASFALTO /TERRA /MONTAÑA		RANKING OFICIAL AUTONÓMICO GALEGO ano 2017 (Por GRUPO ) ASFALTO /MONTAÑA	
1º	12 Ptos	1º	10 Ptos
2º	10 Ptos	2º	9 Ptos
3º	8 Ptos	3º	7 Ptos

**B.3.- RANKING OFICIAIS COPAS PROMOCIÓN (ANO 2017)**

Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo a posición no ránking correspondente ao ano 2017.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

RANKING OFICIAL NACIONAL COPA PROMOCIÓN ano 2017 ASFALTO /TERRA /MONTAÑA		RANKING OFICIAL AUTONÓMICO GALEGO COPA PROMOCIÓN ano 2017 ASFALTO /MONTAÑA	
1º	6 Ptos	1º	5 Ptos
2º	5 Ptos	2º	4 Ptos
3º	2 Ptos	3º	2 Ptos

#### C.- PARTICIPACIÓN EN PROBAS FEDERADAS

POR PARTICIPACIÓN EN PROBAS OFICIAIS INTERNACIONAIS/ESTATAIS/AUTONÓMICAS GALEGAS DE ASFALTO/TERRA/MONTAÑA (ANO 2017)

Nota: Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo, con independencia da modalidade e grupo de participación.

Pola participación en cada proba disputada puntuable para CAMPIONATO INTERNACIONAL de rally 2017 independentemente da modalidade, grupo ou copa promoción ao que pertenza	8 Ptos
Pola participación en cada proba disputada, puntuable para o CAMPIONATO NACIONAL de rally 2017 independentemente da modalidade, grupo ou copa promoción ao que pertenza ( <b>disputada en territorio insular</b> )	10 Ptos
Pola participación en cada proba disputada, puntuable para o CAMPIONATO NACIONAL de rally 2017 independentemente da modalidade, grupo ou copa promoción ao que pertenza ( <b>disputada dentro do territorio peninsular</b> )	7 Ptos
Pola participación en cada proba disputada puntuable para o CAMPIONATO AUTONÓMICO GALEGO 2017 de rally en calquera das modalidades, grupos ou copas promoción estipulados nestas bases ( <b>excluídas as probas disputadas na provincia de Lugo indicadas no seguinte cadro</b> )	4 Ptos

Pola participación nalgún dos rally que se especifican no seguinte cadro, da provincia de Lugo, ano 2017 (en calquera das modalidades, grupos ou copas promoción grupos especificados nestas bases).

RALLY SAN FROILAN	15 Ptos
RALLY DA ULLOA	13 Ptos
SUBIDA A CHANTADA	10 Ptos
SUBIDA A PONTENOVA	7 Ptos

#### D.- OUTRAS VALORACIÓNS

A. Pilot@ con copilot@s con capacidades diferentes (nun mínimo de 3 probas federadas durante o ano 2017)	15 pts
B. Solicitante fémica	10 pts
C. Por pertencer a algunha escudaría da provincia de Lugo durante o ano 2017	10 pts
D. Beneficiarios con idades comprendidas entre 18 e 30 anos (a data 31 de decembro de 2017)	10 pts

A valoración a aplicar nos distintos apartados deberá ser, no seu caso, acreditada con certificados oficiais ou no seu caso documento acreditativo.

➤ No caso de se producir empate, terase en conta a mellor puntuación total obtida por cada solicitante en cada un dos seguintes apartados e pola seguinte orde:

- Apartado A)
- Apartado B )
- Apartado C)
- Apartado D)

#### DÉCIMO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instrutor resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante da bolsa ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida notificación.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceden as bolsas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas, se for o caso, segundo establece o artigo 25 da Lei xeral de subvencións.

#### UNDÉCIMO.- PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo Presidente da Deputación de Lugo, e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no que se fará constar a existencia e custodia de documentación dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes no punto sexto das Bases e achegar copia da documentación contida na base csexta, puntos a), c), d), e), f), g), h) e i) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

#### DUODÉCIMO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as das bolsas están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidas bolsas.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores. Publicitar a súa condición de receptor de bolsas da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe.

#### DÉCIMO TERCEIRO.- RENUNCIA, REVISIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce desta, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Presidente da Deputación de Lugo. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

O persoal técnico e facultativo que coordine esta convocatoria de bolsas poderá propoñerlle ao órgano competente da Deputación de Lugo a revisión das mesmas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo no seu caso deixar sen efecto os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houbera, e dos xuros de mora correspondentes no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A adxudicación das bolsas será igualmente revisada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

**DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME XURÍDICO**

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria e o inicio.

Lugo, 23 de xullo de 2018.- O Presidente O Secretario Xeral, Darío Campos Conde Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

## ANEXO I

## SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PILOTO RALLYS DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2018

DATOS DO SOLICITANTE		
NOME E APELIDOS		
DATA DE NACEMENTO		
DNI NÚMERO		
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN		
RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS		
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A		
NOME E APELIDOS		
D.N.I. NÚMERO		
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN(CUBRIR SE SON DIFERENTES AOS DO SOLICITANTE)		
RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS		
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA FEDERACIÓN	
FEDERACIÓN DE	
NOME E APELIDOS (representante)	
TELÉFONOS	
CORREO ELECTRÓNICO	

**EXPOÑO:**

- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de bolsas para deportistas individuais pilotos/as rallys de asfalto, terra ou montaña 2018.
- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria.
- Que achego a documentación esixida.

**SOLICITO:** a concesión dunha bolsa a deportista individual.

**ANEXO - Modelo de cláusula informativa e obtención do consentimento**

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS</b>	
<b>Responsable</b>	DEPUTACIÓN DE LUGO
<b>Finalidade</b>	Tramitación de solicitudes de bolsas de deportistas individuais
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento
<b>Destinatarios</b>	IGAE (Ministerio de Facenda)
<b>Dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
<b>Procedencia</b>	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o punto seguinte, "información adicional sobre a protección dos seus datos persoais".

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Aos efectos previstos no "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)", proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO**

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.

Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

**FINALIDADE**

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas coa fin da tramitación de solicitudes de bolsas de deportistas individuais.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información manteranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter

obligatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

#### **DESTINATARIOS**

Está prevista a comunicación dos datos ao IGAE (Ministerio de Facenda).

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

#### **DEREITOS**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, en DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos).

....., ..... de ..... de 2018

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

**ANEXO II****MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN  
BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PILOTOS/AS RALLYS DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA DA  
PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2018****O/A interesado/a**

D./D <sup>a</sup> .	D.N.I
---------------------	-------

**O pai/nai ou titor/a de ser preciso**

D./D <sup>a</sup> .	D.N.I
---------------------	-------

**DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:**

- 1.- Que non se atopa inhabilitado/a nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.
- 2.- Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes á mesma.
- 3.- Que non recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

....., ..... de ..... de 2018

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a



## ANEXO III

**Autorización para a solicitude de certificados de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria, Axencia Tributaria Galega e Seguridade Social e coa Deputación Provincial**

A persoa que abaixo asina, autoriza á area de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte da Deputación Provincial de Lugo a solicitar da Axencia Tributaria Estatal, da Axencia Tributaria galega, así como da Tesourería da Seguridade Social, e da Deputación de Lugo, os datos relativos ao cumprimento de obrigas tributarias con estas entidades, ao abeiro do Real Decreto 1065/2007 no seu "Artigo 71. Solicitude dos certificados tributarios.

1. Os certificados tributarios expediranse:

- a) Por instancia do obrigado tributario ao que o certificado se refira.
- b) Por petición dun órgano administrativo ou de calquera outra persoa ou entidade interesada que requira o certificado, sempre que a devandita petición estea prevista nunha lei ou conte co consentimento previo do obrigado tributario."

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento da tramitación da concesión de bolsas a deportistas individuais pilotos/as rallys de asfalto, terra ou montaña da anualidade 2018.

Datos do interesado.		
Nome e apelidos:		DNI:
Dirección		
CP	Poboación	Provincia

No caso de ser menos de idade, datos do pai/nai ou titor/a.		
Nome e apelidos:		DNI:
Dirección		
CP	Poboación	Provincia

....., ..... de ..... do 2018

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN XURADA

O/A interesado/a

D./D <sup>a</sup> .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a de ser preciso

D./D <sup>a</sup> .	D.N.I
---------------------	-------

## DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

De acordo co RD 1006/1985 de 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral dos deportistas profesionais, e para os efectos do disposto no Regulamento do imposto sobre a renda aprobado polo RD 439/2007 de 30 de marzo.

**(Marque con un X onde corresponda)**

- Declaro que non teño nin tiven a condición de deportista profesional.
- Declaro que si tiven a condición de deportista profesional nos anos que se indican:

ANOS(Indique expresamente todas as anualidades nas que tivo a condición de deportista profesional ):

..... a .....de ..... de 2018

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

**ANEXO V****AUTORIZACIÓN**

O/A interesado/a

D./D <sup>a</sup> .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a de ser preciso

D./D <sup>a</sup> .	D.N.I
---------------------	-------

**AUTORIZO**

Á Deputación Provincial de Lugo a realizar comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, relativas ao procedemento de concesión de bolsas para deportistas individuais pilotos/as rallys de asfalto, terra ou montaña da provincia de Lugo na anualidade 2018.

-----, ---- de ----- de 2018

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

R. 2164

---

**CONCELLOS****BURELA***Anuncio*

Expedientes nº: 1383/2018 e 1384/2018

**LISTAXE DE COBRAMENTO S.A.F. MAIO 2018.**

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de xullo de 2018 a Listaxe de cobramento por aplicación do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar (libre concorrència e dependentes), correspondente ao mes de maio de 2018, que no seu importe total ascende á suma de 7.616,54 €.

Por medio do presente exponse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

Burela, 20 de xullo de 2018.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2118

---

**CERVO***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de xullo de 2018, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xuño de 2018 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 3º bimestre de 2018 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 9 de agosto ao 11 de outubro de 2018. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de xullo de 2018. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2188

---

**FOZ***Anuncio***FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DENOMINADO "REMODELACIÓN INTEGRAL E REORDENACIÓN DO TRÁFICO DA AVENIDA ÁLVARO CUNQUEIRO EN FOZ".**

Mediante Resolución de Alcaldía de data 11-4-2018, adxudicouse o contrato de obras para a REMODELACIÓN INTEGRAL E REORDENACIÓN DO TRÁFICO DA AVDA. ÁLVARO

CUNQUEIRO DE FOZ, publicándose a súa formalización aos efectos do artigo 154 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

**1. Entidade adjudicadora:**

- a) Organismo: Concello de Foz.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Municipal.
- c) Número de expediente: 1582/2017.
- d) Dirección de Internet do perfil do contratante: <http://concellodefz.sedelectronica.es>

**2. Obxecto do contrato:**

- a) Tipo: obras.
- b) Descrición. REMODELACIÓN INTEGRAL E REORDENACIÓN DO TRÁFICO DA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO DE FOZ.
- c) CPV (Referencia de Nomenclatura) : 45230000-8
- d) Acordo marco (se procede).
- e) Medio de publicación do anuncio de licitación. BOP e perfil do contratante.
- f) Data de publicación do anuncio de licitación. 19-12-2017.

**3. Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento : Aberto.

**4. Valor estimado do contrato:** 1.042.267,14 €

**5. Orzamento base de licitación.**

- a) Importe neto: 1.042.267,14 €.
- b) Importe total: 1.261.143,24 €.

**6. Formalización do contrato:**

- a) Data de adxudicación: 11-4-2018.
- b) Data de formalización do contrato: 25-4-2018.
- c) Contratista: "Ogmios Proyecto, S.L. -Excavaciones Ramsei, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982, de 26 de mayo" con CIF U70553011.

Foz, 20 de xullo de 2018.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 2119

---

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACION PADRÓNS FISCAIS IMPOSTO BENS INMOBLES 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 9.07.2018 aprobáronse os padróns Fiscais do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, rústica e de características especiais do exercicio 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 12 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 3.08.2018 ata o 03.10.2018.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante:

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 9 DE XULLO DE2018.- O Alcande, Jose Tome Roca.

R. 1969

---

## PANTÓN

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía Nº153/2018 de 18 de xullo apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación de dous operarios de servizos múltiples durante seis meses, como persoal laboral temporal a xornada completa, en base o Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pantón para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa FOMENTO DO EMPREGO:

- Dous operarios servizos múltiples.

Prazo de presentación de instancias: cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio (de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello), tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base sétima.

Bases dos procesos de selección: publicadas na páxina web do concello [www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) e no Taboleiro de Edictos da Casa do concello.

Pantón, 18 de xullo de 2018 O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2111

---

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión *ordinaria* celebrada o día 16/07/2018 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Pantón, 17 de xullo de 2018.- O Alcalde, Jose Luis Alvarez Blanco.

R. 2112

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

Por acordo plenario municipal de data 31 de xullo de 2018 prestouse aprobación á Memoria para o Centro de atención a maiores de Ribadeo coa toma en consideración pola Corporación nos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro, Regulamentos de acceso, réxime interior e de prezos públicos así como da forma de xestión directa a través de convenio de colaboración coa Deputacion Provincial de Lugo.

De acordo con canto se sinala no artigo 97 do RD 781/1986, de 18 de abril de aprobación do TR de medidas urxentes en materia de réxime Local, expónse ao público na Secretaría Xeral da Entidade por prazo de trinta días naturais durante os que se poderán formular observacións polos particulares e entidades.

Ribadeo, 1 de agosto de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2196

---

## VILALBA

### Anuncio

Aprobado definitivamente o Plan de Delimitación do solo de núcleo rural de Rabilonga, parroquia de Noche, Concello de Vilalba (Lugo), según proxecto redactado polo arquitecto Jacobo Fernández Malde, pola Cosellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio de data 10 de abril de 2018, conforme ó establecido no artigo 82 da Lei 2/2016 y 199 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 18 de maio de 2018, e inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia con data 9 de xullo de 2018, faise público o documento que contén a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### 1 Réxime xurídico. Ordenanzas do núcleo rural de A Rabilonga

O réxime de aplicación ao solo do núcleo de A Rabilonga ven definido nos artigos do 23 e 24 da Lei 2/2016, LSG, que son de aplicación íntegra para o núcleo rural de A Rabilonga, obxecto da delimitación do presente documento. As condicións de uso veñen referidas nos artigos 25 e 26 da Lei 2/2016, LSG

Así mesmo, resultan de aplicación todo o que non contraveña á Lei 2/2016, LSG, ás Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas de xeito definitivo o 13 de marzo de 1984, e publicadas Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 30 abril de 1984, así como a Modificación Puntual aprobada de xeito definitivo o 25 de setembro de 1991, e publicada no BOP o 20 de febreiro de 1992.

As ordenanzas de nova creación refírense á delimitación do núcleo rural tradicional (NR.T) e o núcleo rural común (NR.C), que son as que seguen:

##### 1.1 Ordenanza reguladora do núcleo rural tradicional (NR.T)

###### Ámbito de aplicación

Dentro do núcleo rural complexo de A Ribalonga, na parroquia de Noche, Vilalba, queda referido ao ámbito delimitado na planimetría de ordenación do núcleo rural complexo.

###### Usos do solo

O uso característico das edificacións é o residencial.

O usos compatibles, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica del asentamento, aqueles que garden unha relación directa cos usos tradicionalmente ligados ao asentamento rural, así como:

- Terciarios.
- Productivos.
- Turísticos.
- Pequenos talleres.
- Novas tecnoloxías da información.
- Dotacionais, asistenciais e vinculados con servizos públicos.

Usos prohibidos: todos os demais.

###### Condicións xerais

- Condicións de habitabilidade:

As edificacións destinadas a vivenda estarán ao dispostas nas condicións mínimas recollidas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, sobre as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia

- Ruídos e vibracións:

Os usos compatibles co de vivenda, cando se desenvolva en inmobles onde coexistan con usos residenciais estarán suxeitos á esixencia de que a construción e a adaptación dos locais garantan que non se superen niveis de ruídos e vibracións que a continuación se sinalan, medidos no local e en calquera outra parte do inmovible, ou contigo, de uso residencial:

A emisión de ruídos nos locais onde se produzan non podarán superar os 80 dbA

Os elementos construtivos e de insonorización dos recintos nos que se desenvolvan actividades distintas do uso residencial deberán reunir as condicións necesarias para a absorción acústica do exceso de intensidade sonora que se orixine no seu interior, cunha atenuación para ruídos aéreos de 30 dbA

- Harmonización:

As construcións haberán de adaptarse no básico ao ambiente no que estean situadas. Para tal efecto:

- a) As tipoloxías deberán ser congruentes coas propias da zona
- b) Os materiais empregados para acabados de fachas, cubertas e cerramentos de parcelas deberán ser compatibles cos constituíntes do paisaxe na que se vaian a situar, recomendándose o uso dos materiais dominantes na zona. Prohíbese expresamente a utilización como vistos de materiais fabricados para seren revestidos.
- c) As cubertas estarán formadas por planos continuos sen quebraduras dos seus faldóns.
- d) Os cerramentos terán unha altura inferior aos 2,00 m contados dende a rasante interior do predio, se son opacos, e recuaranse das vías públicas segundo o establecido na lexislación sectorial correspondente.

- Infraestruturas:

As parcelas terán que cumprir os seguintes requisitos para seren edificables:

- a) Contarán con acceso rodado por vía pública, que permita a circulación de vehículos automóbiles
- b) Deberán dispor da posibilidade de enganche á rede de subministración de enerxía eléctrica
- c) Satisfarán o abastecemento de auga por captación individual que garanta o caudal suficiente para o uso solicitado, e as axitadas condicións de potabilidade. Os pozos de abastecemento ás vivendas terán que estar distanciados das fosas sépticas, esterqueiras ou calquera foco contaminante a distancia establecida segundo lexislación sectorial, e nunca a unha distancia inferior a 20 m.

Para obtención da licenza de obra será necesario dispor do recoñecemento de aproveitamento privativo ou da correspondente concesión da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) para realizar un abastecemento particular. Do mesmo xeito, para a obtención de licenza para a execución de novas edificacións residenciais ou industriais, deberá dispor dun sistema de depuración individual, ca correspondente autorización de vertido da CHMS en caso de ser necesaria.

d) Contarán con instalación de evacuación e tratamento de augas residuais por medios individuais, de xeito que se garanta a non contaminación do medio.

e) Nas vivendas que teñan como anexos cortes ou cortellos, estes deberán de dispoñer de entradas independentes da vivenda

- Actuacións incompatibles:

De xeito xeral quedan expresamente prohibidas as seguintes actuacións, segundo o artigo 26 da Lei 2/2016 LSG:

- a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.
- b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.
- c) As naves industriais.

Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

d) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúes ou corredeiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

e) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

f) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

- Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

### Condicións da edificación

A edificación do núcleo rural tradicional axustarase ás seguintes determinacións, cuxo cumprimento deberá ser verificado polo Concello previamente á concesión da licenza ou comunicación previa:

a) As novas construcións harmonizarán coas tipoloxías tradicionais existentes ou dominantes no asentamento, admitíndose polo tanto edificacións noutras conformadoras do continuo urbano e edificacións illadas. A tipoloxía das novas edificacións será congruente cas tipoloxías identificadas como tradicionais no estudo do núcleo rural. Neste senso, non se permitirán edificacións que sexan características das zonas urbanas, aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia coas existentes no asentamento, as naves industriais da calquera tipo e as



vivendas acaroadas proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de 3 unidades (artigos 26.1.a 26.2.a e 26.2.b da Lei 2/2016 LSG)

b) Establécese unha parcela mínima de 600 m<sup>2</sup>

Poderase autorizar edificacións en parcelas de menor dimensión naqueles supostos en que se atope entre parcelas edificadas, coa imposibilidade física de cubrir o mínimo esixido.

c) Edificabilidade: 0,50 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

d) Recuados:

Nas parcelas lindeiras ca estrada da rede primaria básica autonómica LU-541 estarase ao establecido na lexislación de aplicación, Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia:

- Establécese a aliñación do viario a 12 m do eixo da estrada, e a aliñación de edificación a 15 m do mesmo, segundo se recolle no plano U-07 de ordenación do núcleo rural.

- Os peches que se coloquen na aliñación do viario serán completamente diáfanos, mentres que os que se coloquen na aliñación de edificación estarán ao establecido nesta ordenanza.

- As novas edificacións, así como o resto de construcións e instalacións de natureza edificatoria, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, deberán situarse igual ou máis separadas da estrada que a distancia que resulte de comparar, segundo o representado nos planos de ordenación:

-a) a posición máis separada da estrada da liña límite de edificación en calquera punto da parcela na que se sitúe, e

-b) a posición da liña límite de edificación no contacto coa parcela das dúas fincas inmediatamente adxacentes a ela, a cada un dos seus lados, con respecto á marxe da estrada.

- Establécense para o restante viario de titularidade municipal os seguintes recuados:

- A vía pública: establécese a aliñación a 4 metros do eixo da vía de acceso.

- A lindeiros: recuado de 3,00 m. Poderase autorizar edificacións adheridas a paramentos cegos ou, na súa ausencia, aos aliñamentos consolidados.

- Ocupación máxima de parcela polas edificacións: 50%

- Cando se dea a excepcionalidade recollida no parágrafo b) e se trate de parcelas de superficie menor ca mínima esixida a ocupación poderá superar a porcentaxe marcada.

- En todo caso, seguindo as dimensións das edificacións existentes establécese para as obras de nova planta unha ocupación máxima de 150 m<sup>2</sup>

- Pendente máxima de cuberta: 30 graos, cunha altura máxima do cumio de 3,60m

- Altura máxima: xenericamente establécese baixo + 1 andar, cunha altura máxima de 6,00 m medidos no centro das fachadas, dende a rasante natural do terreo ao arrinque inferior do faldón de cuberta.

- Edificacións auxiliares

- É aquela construción que alberga usos complementarios do característico do núcleo, de escasa entidade e complexidade construtiva. En ningún caso poderán ser pezas destinadas ao uso de vivenda. Preferentemente vinculada á edificación principal, podéndose autorizar a construción deste elemento sen a presenza de edificación principal, xustificando o seu uso.

- As edificacións auxiliares serán, preferentemente, de planta baixa, podéndose realizar sobrados e faiados, ca utilización do espazo de baixo cuberta. A altura máxima de 3 metros no cumio medido no centro das súas fachadas. Só poderase superar esta altura d xeito plenamente xustificado.

- Poderán situarse exentas ou acaroadas á edificación principal.

- Estarase ao recollido nesta propia ordenanza no referido ás condicións estéticas e de harmonización das novas intervencións.

Con carácter xeral prohíbense os sotos e semisotos, ao no ser acordes co tecido tradicional existente. En casos puntuais que se xustifique a necesidade manifesta da materialización dun soto, o acceso deberá resolverse no interior da edificación. Igualmente só se admitirá semisotos cando as condicións topográficas do terreo impidan a construción doutro xeito. Terá condición de semisoto calquera porción de planta que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto, computando como un andar.

Nas parcelas lindeiras ca estrada da rede primaria básica autonómica LU-541, previa á presentación de comunicación previa ou solicitude de licenza para edificación, peche ou parcelación, deberá contar de autorización por parte do órgano competente en materia de estradas da Xunta de Galicia, así como autorización de acceso agás cando se teña acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

Quedan prohibidas as parcelacións que impliquen novos accesos á estrada autonómica.

### **Condicións estéticas e de harmonización das novas intervencións**

Cara a unha axeitada integración das intervencións arquitectónicas, tanto de obra nova coma de rehabilitación de construcións existentes, nos ámbitos de solo de núcleo rural histórico tradicional, establécense as seguintes determinacións:

- a) En xeral, as canles e baixantes non presentarán molduras nin acanaladuras, serán de chapa metálica de cinc, cinc-titanio ou cobre, con acabado mate e sección circular.
  - b) Para o acabado das edificacións empregaranse a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona.
  - c) O material de cuberta será a lousa, como é tradicional na zona. O paneis ondulados de fibrocemento e similares, quedarán ocultos tanto nos faldóns coma nos beirados. Poderase utilizar materiais respectuosos e que harmonicen cos tradicionais como o cinc ou cobre.
- Os remates de chemineas e cumios harmonizarán cos existentes
- d) As carpinterías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes no entorno.
  - e) Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras de madeira. Non se permiten en ningún caso persianas exteriores.
  - f) Os voos e recuamentos serán autorizables cando sexan acordes coas tipoloxías existentes no núcleo e comarca, como galerías de madeira, patíns e solianas.
  - g) Non se permitirán movementos de terras que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar ou alteren significativamente a súa topografía
  - h) Protexeranse os sebes e muros tradicionais existentes. Os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais
  - i) Conservaranse os exemplares de arboredo autóctono existentes
  - j) Nos proxectos de urbanización dos espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co entorno e co ambiente rural, o mobiliario será discreto e o estritamente necesario, formulándose soterrados os novos tendidos aéreos e soterrando os existentes, e minimizando as instalacións urbanas.

## **1.2 Ordenanza reguladora do núcleo rural común (NR.C)**

### **Ámbito de aplicación**

Dentro do núcleo rural complexo de A Ribalonga, na parroquia de Noche, Vilalba, queda referido ao ámbito delimitado na planimetría de ordenación do núcleo rural complexo.

### **Usos do solo**

O uso característico das edificacións é o residencial.

O usos compatibles, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica del asentamento, aqueles que garden unha relación directa cos usos tradicionalmente ligados ao asentamento rural, así como:

- Terciarios.
- Produtivos.
- Turísticos.
- Pequenos talleres.
- Novas tecnoloxías da información.
- Dotacionais, asistenciais e vinculados con servizos públicos.

Usos prohibidos: todos os demais.

### **Condicións xerais**

- Condicións de habitabilidade:

As edificacións destinadas a vivenda estarán ao dispostas nas condicións mínimas recollidas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, sobre as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia

- Ruídos e vibración

Os usos compatibles co de vivenda, cando se desenvolva en inmobles onde coexistan con usos residenciais estarán suxeitos á esixencia de que a construción e a adaptación dos locais garantan que non se superen niveis de ruídos e vibracións que a continuación se sinalan, medidos no local e en calquera outra parte do inmovible, ou contigo, de uso residencial:

A emisión de ruídos nos locais onde se produzan non podarán superar os 80 dbA

Os elementos construtivos e de insonorización dos recintos nos que se desenvolvan actividades distintas do uso residencial deberán reunir as condicións necesarias para a absorción acústica do exceso de intensidade sonora que se orixine no seu interior, cunha atenuación para ruídos aéreos de 30 dbA

- Harmonización

As construcións haberán de adaptarse no básico ao ambiente no que estean situadas. Para tal efecto:

a) As tipoloxías deberán ser congruentes coas propias da zona

b) Os materiais empregados para acabados de fachas, cubertas e cerramentos de parcelas deberán ser compatibles cos constituintes do paisaxe na que se vaian a situar, recomendándose o uso dos materiais dominantes na zona. Prohíbese expresamente a utilización como vistos de materiais fabricados para seren revestidos.

c) As cubertas estarán formadas por planos continuos sen quebraduras dos seus faldóns.

d) Os cerramentos terán unha altura inferior aos 2,00 m contados dende a rasante interior do predio, se son opacos, e recuaranse das vías públicas segundo o establecido na lexislación sectorial correspondente.

- Infraestruturas

As parcelas terán que cumprir os seguintes requisitos para seren edificables:

a) Contarán con acceso rodado por vía pública, que permita a circulación de vehículos automóbiles

b) Deberán dispor da posibilidade de enganche á rede de subministración de enerxía eléctrica

c) Satisfarán o abastecemento de auga por captación individual que garanta o caudal suficiente para o uso solicitado, e as axitadas condicións de potabilidade. Os pozos de abastecemento ás vivendas terán que estar distanciados das fosas sépticas, esterqueiras ou calquera foco contaminante a distancia establecida segundo lexislación sectorial, e nunca a unha distancia inferior a 20 m.

Para obtención da licenza de obra será necesario dispor do recoñecemento de aproveitamento privativo ou da correspondente concesión da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) para realizar un abastecemento particular. Do mesmo xeito, para a obtención de licenza para a execución de novas edificacións residenciais ou industriais, deberá dispor dun sistema de depuración individual, ca correspondente autorización de vertido da CHMS en caso de ser necesaria.

a) Contarán con instalación de evacuación e tratamento de augas residuais por medios individuais, de xeito que se garanta a non contaminación do medio.

b) Nas vivendas que teñan como anexos cortes ou cortellos, estes deberan de dispoñer de entradas independentes da vivenda

- Actuacións incompatibles:

De xeito xeral quedan expresamente prohibidas as seguintes actuacións, segundo o artigo 26 da Lei 2/2016 LSG:

g) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

h) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

i) As naves industriais.

j) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

k) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rueiros ou corredeiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

l) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

m) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

- Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

- Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

### Condicións da edificación

A edificación do núcleo rural histórico tradicional axustarase ás seguintes determinacións, cuxo cumprimento deberá ser verificado polo Concello previamente á concesión da licenza ou comunicación previa:

a) As novas construcións harmonizarán coas tipoloxías tradicionais existentes ou dominantes no asentamento, admitíndose polo tanto edificacións noutras conformadoras do continuo urbano e edificacións illadas. A tipoloxía das novas edificacións será congruente cas tipoloxías identificadas como tradicionais no estudo do núcleo rural. Neste senso, non se permitirán edificacións que sexan características das zonas urbanas, aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia coas existentes no asentamento, as naves industriais da calquera tipo e as vivendas acaroadas proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de 3 unidades (artigos 26.1.a 26.2.a e 26.2.b da Lei 2/2016 LSG)

b) Establécese unha parcela mínima de 1.400 m<sup>2</sup>

Poderase autorizar edificacións en parcelas de menor dimensión naqueles supostos en que se atope entre parcelas edificadas, coa imposibilidade física de cubrir o mínimo esixido.

c) Edificabilidade: 0,30 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

d) Recuados:

Establécese para o conxunto do núcleo os seguintes recuados:

- A vía pública: establécese a aliñación a 4 metros do eixo da vía de acceso

- A lindeiros: recuado de 3,00 m. Poderase autorizar edificacións adheridas a paramentos cegos ou, na súa ausencia, aos aliñamentos consolidados.

e) Ocupación máxima de parcela polas edificacións: 30%

Cando se dea a excepcionalidade recollida no parágrafo b) e se trate de parcelas de superficie menor ca mínima esixida a ocupación poderá superar a porcentaxe marcada.

En todo caso, seguindo as dimensións das edificacións, seguindo as dimensións das edificacións existentes establécese para as obras de nova planta unha ocupación máxima de 150 m<sup>2</sup>

f) Pendente máxima de cuberta: 30 graos, cunha altura máxima do cumio de 3,60m

g) Altura máxima: xenericamente establécese baixo + 1 andar, cunha altura máxima de 6,00 m medidos no centro das fachadas, dende a rasante natural do terreo ao arrinque inferior do faldón de cuberta.

h) Edificacións auxiliares

- É aquela construción que alberga usos complementarios do característico do núcleo, de escasa entidade e complexidade construtiva. En ningún caso poderán ser pezas destinadas ao uso de vivenda. Preferentemente vinculada á edificación principal, podéndose autorizar a construción deste elemento sen a presenza de edificación principal, xustificando o seu uso.

- As edificacións auxiliares serán, preferentemente, de planta baixa, podéndose realizar sobrados e faiados, ca utilización do espazo de baixo cuberta. A altura máxima de 3 metros no cumio medido no centro das súas fachadas. Só poderase superar esta altura d xeito plenamente xustificado.

- Poderán situarse exentas ou acaroadas á edificación principal.

- Estarase ao recollido nesta propia ordenanza no referido ás condicións estéticas e de harmonización das novas intervencións.

Con carácter xeral prohíbense os sotos e semisotos, ao no ser acordes co tecido tradicional existente. En casos puntuais que se xustifique a necesidade manifesta da materialización dun soto, o acceso deberá resolverse no interior da edificación. Igualmente só se admitirá semisotos cando as condicións topográficas do terreo impidan a construción doutro xeito. Terá condición de semisoto calquera porción de planta que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto, computando como un andar.

### Condicións estéticas e de harmonización das novas intervencións

Cara a unha axeitada integración das intervencións arquitectónicas, tanto de obra nova coma de rehabilitación de construcións existentes, nos ámbitos de solo de núcleo rural histórico tradicional, establécese as seguintes determinacións:

a) En xeral, as canles e baixantes non presentarán molduras nin acanaladuras, serán de chapa metálica de cinc, cinc-titanio ou cobre, con acabado mate e sección circular.

b) Para o acabado das edificacións empregaranse a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona.

c) O material de cuberta será a lousa, como é tradicional na zona. O paneis ondulados de fibrocemento e similares, quedarán ocultos tanto nos faldóns coma nos beirados. Excepcionalmente poderase utilizar materiais respectuosos e que harmonicen cos tradicionais como o cinc ou cobre.

- d) Os remates de chemineas e cumios harmonizarán cos existentes
- e) As carpinterías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes no entorno.
- f) Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras de madeira. Non se permiten en ningún caso persianas exteriores.
- g) Os voos e recuamentos serán autorizables cando sexan acordes coas tipoloxías existentes no núcleo e comarca, como galerías de madeira, patíns e solianas.
- h) Non se permitirán movementos de terras que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar ou alteren significativamente a súa topografía
- i) Protexeranse os sebes e muros tradicionais existentes. Os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais
- j) Conservaranse os exemplares de arboredo autóctono existentes
- k) Nos proxectos de urbanización dos espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co entorno e co ambiente rural, o mobiliario será discreto e o estritamente necesario, formulándose soterrados os novos tendidos aéreos e soterrando os existentes, e minimizando as instalacións urbanas.

Vilalba, 17 de Xuño de 2018.- O Alcalde, Agustín Baamonde Díaz.

R.2120

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN

#### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 20 DE XULLO DE 2018 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2018

BDNS (Identif.): 409986

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2018

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Persoas físicas que sexan deportistas federados nalgunha das federacións oficiais de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rallye de asfalto, terra e montaña, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo.Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2018, destinadas a deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://run.gob.es/owqlth>

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2018 <http://run.gob.es/owqlth>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

Establécese como importe máximo de cada bolsa 7000,00 ? e como importe mínimo de cada bolsa 400,00 ?.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a unha única bolsa.

Lugo, 23 de xullo de 2018.- O Presidente, Darío Campos Conde.

R. 2169

---